

**Ofertas Destacadas**

**Montador/a de pladur**



**Nº da oferta 973662**  
**A Coruña**

Empresa do sector da construción precisa persoal para traballar en obras situadas en España, Portugal, Francia e Inglaterra. Necesítase experiencia de dous anos no posto e valórase ter carné B.

**Operario/a de panadería**



**Nº da oferta 973602**  
**Ribeira**

Encargarase da elaboración de pan e empanadas no obradoiro dunha panadería situada en Ribeira. Necesaria experiencia mínima acreditada dun ano como panadeiro/a oficial/a e medio de transporte para chegar ao lugar de traballo.

**Encargado/a de taller téxtil**



**Nº da oferta 973561**  
**A Coruña**

Empresa de confección téxtil precisa encargado/a de taller para planificar a produción. Necesaria experiencia demostrable de cinco anos no posto. Xornada intensiva de 8:00 a 16:15 horas.

**Axudante/a de cociña**



**Nº da oferta 973473**  
**Lugo**

Restaurante do centro da cidade busca persoal con experiencia mínima dun ano no posto. Encargarase da limpeza da cociña e axudará na preparación dos alimentos. Xornada completa en quenda partida.

**Mecánico/a de automóbiles**



**Nº da oferta 973471**  
**Carballedo**

Taller situado a 17 km de Ourense precisa persoal con experiencia dun ano para tarefas de reparación e mantemento de automóbiles e, puntualmente, de maquinaria agrícola.

**Comercial ( Rama: Alimentación)**



**Nº da oferta 973713**  
**Vilalba**

Empresa dedicada á venda de produtos cárnicos precisa persoal para realizar rutas de venda e ofrecer e promocionar eses produtos. Necesario carné C1 e experiencia como comercial. Traballo de luns a venres en xornada completa.

**Fontaneiro/a oficial/a**



**Nº da oferta 973777**  
**Xinzo de Limia**

Empresa de servizos integrais de asistencia, precisa fontaneiro/a con experiencia como oficial/a de primeira. Necesarios coñecementos de fontanería ou electricidade, carné de conducir e medio de transporte para chegar ao lugar de traballo.

**Electricista oficial/a de 1ª**



**Nº da oferta 973598**  
**Xinzo de Limia**

Empresa precisa persoal con dous anos e medio de experiencia en instalacións de media e baixa tensión. Necesario carné B e dispoñibilidade para desprazarse.

**Asistente/a de deseño téxtil**



**Nº da oferta 973807**  
**Ourense**

Empresa do sector téxtil precisa persoal con experiencia en deseño de moda e desenvolvemento de coleccións. Imprescindible manexo de programas de deseño, nivel alto de inglés, dispoñibilidade para viaxar e permiso de conducir clase B.

**Caldeireiro/a**



**Nº da oferta 973720**  
**Vilagarcía de Arousa**

Empresa do sector naval precisa persoal para montaxe de caldeirería media de taller. Necesaria experiencia no posto e no sector naval. Ofrécese contrato inicial por ETT con posibilidades de continuidade, a quenda partida.

**Educador/a de menores**



**Nº da oferta 973570**  
**Vigo**

Asociación social precisa persoal para traballar en tarefas educativas nun centro de acollida. Imprescindible Diplomatura en Educación Social. Entre 24 e 35 anos.

**Asesor/a de seguros e produtos financeiros**



**Nº da oferta 973616**  
**Moaña**

Aseguradora de ámbito nacional selecciona persoal entre 23 e 45 anos para asesoramento e venda de produtos financeiros, executando un plan de comercio encamiñado a xestionar unha oficina comercial. Valórase experiencia comercial.

**Outras ofertas de A Coruña****Monitor/a de aeróbic - Santiago de Compostela - Nº Oferta 973722**

Ademais de realizar actividades aeróbicas con adultos e nenos, asesorará e vixiará aos usuarios da piscina dun centro deportivo ás aforas da cidade. Necesario ciclo superior en Actividades Físicas e Deportivas e título de Socorrista.

**Operario/a para planta de reciclaxe - Padrón - Nº Oferta 973640**

Empresa dedicada á xestión integral de residuos precisa persoal para proceso de produción e xestión do almacén. Imprescindible carné de conducir C e ADR, experiencia no posto e ter entre 25 e 45 anos. Xornada completa de luns a venres.

**Pasteleiro/a - Reposteiro/a - Ribeira - Nº Oferta 973599**

Encargarase da elaboración de pasteis no obradoiro dunha panadaría. Necesaria experiencia mínima como oficial de catro anos, así como medio de transporte para chegar ao lugar de traballo. Valoran permiso de conducir clase B.

**Técnico/a en informática - A Coruña - Nº Oferta 973736**

Precísase persoal para realizar funcións de reparación e mantemento de equipos informáticos. Necesaria experiencia no posto e ter carné B e vehículo propio. Requírese titulación a nivel de Ciclo Superior en Informática.

**Administrador/a Windows - Santiago de Compostela - Nº Oferta 973656**

Realizará tarefas de administración avanzada de Ms-Windows 2000 (Directorio Activo a nivel corporativo), administración avanzada de Ms-SQL Server 2000 (clúster) e administración avanzada de Ms-Exchange 2000-2003.

**Administrador/a HP-UX - Santiago de Compostela - Nº Oferta 973655**

Realizará tarefas de administración avanzada con MC/ServiceGuard, en entornos de máis de 50 servidores; administrador de SAN, con armarios de discos de EMC y/o HP; administración de base de datos Oracle e Informix sobre plataforma HP-UX.

**Instalador/a de persianas - A Coruña - Nº Oferta 973707**

Precísase persoal con experiencia en instalación e reparación de peches, persianas e portas de garaxe, para obras na provincia de A Coruña. Valórase experiencia en soldadura e coñecementos de electricidade.

**Esteticista - A Coruña - Nº Oferta 973903**

Precísase titulado/a de Ciclo Medio de Estética para traballar nun salón de peiteados de nova apertura. Traballo a xornada completa. Incorporación inmediata.

**Perruqueiro/a unisex - A Coruña - Nº Oferta 973813**

Salón de peiteado precisa persoal con experiencia en perrucaría e estética. Necesaria titulación de Ciclo Medio en Perrucaría. Traballo a xornada completa de luns a sábado. Entre 18 e 25 anos.

**Limpador/a de cristais - A Coruña - Nº Oferta 973792**

Empresa busca persoal para encargarse da limpeza de cristais e fiestras en locais de toda a cidade. Necesaria experiencia de dous anos no posto e permiso de conducir B. Traballo con esforzo físico a xornada completa. Entre 28 e 55 anos.

**Axudante/a de perrucaría e estética - A Coruña - Nº Oferta 973685**

Perrucaría unisex precisa persoal con dous anos de experiencia no posto, para cubrir unha baixa maternal. Traballo a xornada completa de martes a sábado.

**Outras ofertas de A Coruña****Axudante/a de perrucaría - A Coruña - Nº Oferta 973873**

Salón de peiteado de recente apertura precisa persoal coa titulación de Ciclo Medio en Perruquería. Traballo a xornada completa, incorporación inmediata.

**Perruqueiro/a - A Coruña - Nº Oferta 973870**

Salón de peiteado de recente apertura precisa persoal con experiencia mínima de cinco anos no posto. Necesario Ciclo Medio en Perrucaría. Traballo a xornada completa, incorporación inmediata.

**Pranchador/a Industrial - Arteixo - Nº Oferta 973910**

Empresa téxtil busca pranchadores/as con experiencia de seis meses no posto. Traballo a xornada completa.

**Operario/a de máquina plana - Arteixo - Nº Oferta 973908**

Empresa téxtil precisa operario/a con experiencia de seis meses en máquina plana. Necesaria experiencia tamén en máquina remalladora. Traballo a xornada completa.

**Operario/a de máquina remalladora - Arteixo - Nº Oferta 973899**

Empresa téxtil precisa operario/a con experiencia de seis meses con máquina remalladora . Necesaria experiencia tamén con máquina plana. Traballo a xornada completa.

**Cortador/a téxtil - A Coruña - Nº Oferta 973557**

Empresa de confección téxtil precisa cortador/a para realizar tarefas de elaboración de patróns de camisaría. Necesaria experiencia demostrable de cinco anos no posto. Xornada intensiva de 8:00 a 16.15 horas.

**Diplomado/a en Traballo Social - Cabanas - Nº Oferta 973779**

Centro especial de emprego busca Diplomado/a en Traballo Social para realizar tarefas de apoio aos traballadores. Necesario ter entre 20 e 50 anos, dous anos de experiencia en Traballo Social e dispor de carné B.

**Traballador/a Social - Ferrol - Nº Oferta 973711**

Precísase diplomado/a en Traballo Social para coordinar o servizo de axuda a domicilio dunha empresa dedicada ao coidado de persoas dependentes. Necesario carné B e ter entre 22 e 45 anos. Traballo por horas.

**Asesor/a comercial - A Coruña - Nº Oferta 973776**

Precísase persoal maior de 18 anos para realizar distribución e venda de lencería e xoguetes eróticos. Traballo compatible con outras actividades. Ofrecen comisións por venda.

**Asesor/a formación - Santiago de Compostela - Nº Oferta 974103**

Consultora especializada en servizos de formación precisa persoal para encargarse do proceso de información e captación de alumnos potenciais do sector comercio. Valórase experiencia comercial. Traballo a xornada parcial, ofrecen fixo mais comisións.

**Axente comercial (Rama: Informática e electrónica) - A Coruña - Nº Oferta 973654**

Encargarase de visitar asesorías e departamentos de persoal ofertando os produtos da empresa. Necesaria experiencia en vendas e coñecementos de asesoría (fiscal e laboral). Xornada completa de luns a venres. Necesario carné B e coche propio.